



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA CESIÓN DO CENTRO DE SAÚDE Á CONSELLARÍA DE SANIDADE

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 3 de marzo no anuncio da futura posta en marcha do centro de saúde de Malpica de Bergantiños o concelleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, asegurou que este servizo público non lle suporá coste ningún ao Concello de Malpica, de 5768 habitantes, onde declarou que: «*O mantemento corresponderalle de forma íntegra ao Sergas*»; engadindo: «*Bastante aportan os concellos pequenos coa cesión dos terreos para a construción dos centros de saúde e os ambulatorios*».

O titular de Sanidade tamén falou da cesión ao Sergas de todas aquelas infraestruturas que, na actualidade, se atopan en mans municipais: «*Alcanzamos un acordo, a través da Fegamp, para que, de forma paulatina, todos estos centros de saúde pasen a mans da Xunta*».

Xa na lexislatura pasada o pleno deste concello aprobou por unanimidade relativo á transferencia do Centro de Saúde de Cuntis no que se incluía o seguinte:

*“- **Transferencia do Centro de Saúde á Consellería de Sanidade:** A transferencia do Centro de Saúde á Consellería de Sanidade permitiría que a Xunta de Galicia se fixera cargo dos gastos de funcionamento (electricidade, calefacción, limpeza, mantemento, etc...) destas instalacións sanitarias. Esta iniciativa, tal e como recollen as actas plenarias, foi proposta por estes/as concelleiros/as en repetidas ocasións. Estamos a falar dunha medida de aforro importante que posibilitaría que o concello dispuxera de 20.000€ máis para facer fronte ás necesidades dos/as veciños/as.”*

O acordo adoptado esixía entre outros puntos:

“- Dar prioridade á transferencia do Centro de Saúde á Consellería de Sanidade instando aos técnicos municipais á presentación dos informes necesarios e á realización da tramitación administrativa precisa.”

O Diario de Pontevedra, de 29 de xaneiro de 2013, recollía nas súas páxinas a reunión que mantiveran a daquela Conselleira de Sanidade, Rocio Mosquera Álvarez, co entón alcalde de Cuntis Antonio Pena.



Segundo esta información analizaron e valoraron a cesión do centro de saúde, comprometéndose dende a Consellería a que os seus técnicos analizarían a documentación existente xunto cos do concello.

Pasados tres anos non se tiveron máis novidades ao respecto.

Hoxe mesmo o xornal La Voz de Galicia publicada unha información sobre os problemas coas pingueiras e as manchas de humidade no centro de saúde. Información que omite entre outros asuntos o acordo plenario tomado por unanimidade e o caso omiso da Consellería de Sanidade a esta demanda.

É por iso que, recollendo estas demandas, propoñemos a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. **Que o Concello de Cuntis reactive a esixencia de transferir o Centro de Saúde á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia.**

Cuntis, 31 de marzo de 2016

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López

info@veciñanza.gal

www.veciñanza.gal

facebook.com/vecinhanza